



Concello da Pobra do Caramiñal



XII CARREIRA POPULAR CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

O domingo 29 de agosto de 2021, terá lugar no Concello da Pobra do Caramiñal a 12ª edición da Carreira popular deste Concello, organizada polo Concello da Pobra do Caramiñal, a Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza e a Federación Galega de Atletismo.

A carreira contará co protocolo Anticovid -19 (FISICOVID – DXT GALEGO)

As probas poderán disputalas tanto atletas federados/as en atletismo como non federados/as e estarán baixo o control técnico do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo e seguirán o seguinte regulamento:

1- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición serán as seguintes:

SUB 8	2014-2015
SUB 10	2012-2013
SUB 12	2010-2011
SUB 14	2008-2009
SUB 16	2006-2007
SUB 18	2004-2005
SUB 20	2002-2003
SUB 23	1999-2000-2001
SENIOR H/M	de 1998 ata máster
MASTER 1 H/M	de 35 a 39 anos
MASTER 2 H/M	de 40 a 44 anos
MASTER 3 H/M	de 45 a 49 anos
MASTER 4 H/M	de 50 a 54 anos
MASTER5 H/M	de 55 a 59 anos
MÁSTER H/M	Maiores de 60 anos.

-HORARIO DAS PROBAS:

HORA	CATEGORÍA	NADOS	DISTANCIA
10.45	SUB 10	2012-2013	750 m.l.
11:00	SUB 12	2010-2011	1.370 m.l.
	SUB 14	2008-2009	1.890 m.l.
11.15	SUB 16	2006-2007	3.900 m.l. (1º paso por meta)
11:20	SUB 18 – SUB 20 – SUB 23 – SENIOR – MÁSTER 1, 2, 3 e 4	2005 e anteriores	8.000 m. aprox. (2 voltas ó circuíto)
13.00	SUB 8	2014-2015	250 m.l. aprox.
13.30 h	ENTREGA DE PREMIOS		

2- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse online a través da páxina web www.emesports.es

Límite máximo de participantes:

- 50 participantes en cada unha das seguintes categorías: Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16

-400 participantes nas categorías de adultos ((de sub 18 a máster)

Os prezos de inscrición serán os seguintes:

⚓ Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16

GRATUÍTO

⚓ Adultos (de sub 18 a máster)

6 €

INFORMACIÓN

Para máis información poderán acudir ao Dpto. de Deportes do Concello da Pobra do Caramiñal, na Casa da Cultura e Xuventude “Raquel Fdez. Soler” no horario de 9:30h a 14:30h

Para información telefónica: 981832590/981831545 ou o teléfono móbil 619229946.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o xoves 26 de agosto ás 14 horas.

3- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollerse na Praza Maior da Pobra do Caramiñal ata **MEDIA HORA ANTES DO INICIO DE CADA CARREIRA.**

4- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS.

A saída das probas estará ubicada na rúa Anxo Rei Ballesteros. A meta estará ubicada no interior da Praza Alcalde Segundo Durán.

As saídas realizaranse de 10 en 10 atletas en intervalos de 20", según os horarios previstos. Isto poderá cambiar dependendo das medidas Covid-19 vixentes no momento da proba (ver protocolo da proba).

5- PREMIOS E AGASALLOS

A entrega de trofeos realizarase no lugar de meta a partir das 13:30h

Outorgaranse os seguintes trofeos:

- Trofeos ós/ás tres primeiros/as clasificados/as por categoría
- Premios en metálico e agasallos ós/ás cinco primeiros/as clasificados/as da xeral
- **Camiseta técnica para os/as participantes na proba absoluta (8.000 m. aprox.) .**

PREMIOS EN METÁLICO PROBA ABSOLUTA

HOMES

1º) **200 €**

2º) **100 €**

3º) **75 €**

4º) **50 €**

5º) **30 €**

MULLERES

1ª) **200 €**

2ª) **100 €**

3ª) **75 €**

4ª) **50 €**

5ª) **30 €**

Ós/ás atletas gañadores/as dos premios en metálico poderáselle requirir documentación acreditativa da súa identidade (DNI ou permiso de circulación en vigor)

6- SERVIZOS MÉDICOS E FISIOTERAPIA

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil e servizo de fisioterapia na zona de chegada.

7- RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da competición, ubicado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos en lugar visible pola organización.

8- DESCUALIFICACIÓNS

Os/as xuíces/as da proba e membros da organización reservaranse a facultade de descalificar ao infractor/a que, comprobada calquera irregularidade: non leve visible o seu dorsal, manipule ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización ou ao xuíz árbitro con respecto aos que figuran no seu DNI ou ficha federativa, non completar o percorrido completo, manifeste un mal estado físico, non facilite á organización a documentación que se lle requira, ou incumpra calquer outra norma contemplada nas normas de competición vixentes da **FGA** e **RFEA** para probas en ruta.

Serán descualificados os/as corredores/as que non respeten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Garda Civil, Xurado, Servicios Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

Os/as corredores descualificados perderán o dereito a recibir calquera premio en metálico ou trofeo.

9- RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara polo feito de inscribirse, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

10- PARTICIPACION DE ATLETAS DE OUTRAS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E EXTRANXEIROS/AS

Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "**Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre**" da tempada 2021. Máis información de esta norma na ligazón:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf

11- ARTÍCULO 23: LOPD

Todos/a os/asas corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

CONSIDERACIÓN FINAL

Todo o non reflexado no presente regulamento rexirase polas normas vixentes da **FGA** e **RFEA**.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.